



FUNDACIÓN ÉRGUETE INTEGRACIÓN


MEMORIA DE ACTIVIDADES 2016



www.fundacionerguete.org



- ▶ **INCORPORACIÓN
LABORAL**
- ▶ **FORMACIÓN**
- ▶ **INTERVENCIÓN
SOCIAL**



PRO GRA MAS E SER VI ZOS

1. INCORPORA

Programa de intermediación laboral da Fundación Bancaria "la Caixa" dirixido a promover a Responsabilidade Social Corporativa nas empresas e facilitar a integración das persoas máis vulnerables. A Entidade pertence ao grupo Incorpora dende o ano 2008.

Ofrecemos un servizo integral de atención as persoas e as empresas, a través dos técnicos de inserción que realizan dende a prospección, asesoramento, xestión de ofertas e acompañamento nos procesos de selección ata o traballo cos beneficiarios na orientación laboral, mellora das competencias, ou calquera das fases do proceso ata acadar a completa integración no posto de traballo.

Promove: Fundación Bancaria "la Caixa"



- 378 persoas beneficiarias: 378 (229 homes e 149 mulleres)
- 186 altas
- 290 entrevistas de acollida
- 1.040 seguimentos
- 104 empresas visitadas
- 35 empresas colaboradoras
- 4 agrupacións empresariais colaboradoras
- 1 novo convenio con asociación empresariai
- 1 novo convenio con empresa
- 92 ofertas de emprego xestionadas
- 3 boletíns Incorpora emitidos
- 97 insercións laborais

Desenvólvense tamén os programas: Reincorpora, Punto Formativo Incorpora e Punto de Autoemprego Incorpora.

REINCORPORA

Dirixido a internos/as de centros penitenciarios que se encontran na fase final da súa condena.

O programa ten como obxectivo a realización de itinerarios personalizados de inserción sociolaboral, a partir dun plan individual previamente pactado, que contribúen á mellora das competencias profesionais, e ao desenvolvemento de valores que faciliten o camiño cara á integración laboral na empresa.

Modelos de intervención:

• INOUT (10 meses).

Proxecto de formación-servizo. 4 meses no Centro Penitenciario Teixeiro e 6 meses no Centro de Inserción Social "Carmela Arias y Díaz de Rábago". Servizo solidario con Voluntarios/as da Universidade da Coruña. 20 participantes.

• PUNTO FORMATIVO INCORPORA PFI (3 meses).

Formación con prácticas en empresas, con outros colectivos Incorpora.

- **PFI FEAFES (A Coruña)**. 2 accións formativas. 14 participantes. Servizo solidario con Voluntariado Corporativo da Obra Social "la Caixa" e Asociación de Mulleres Colleiteiras.

- **PFI ERGUETE-INTEGRACION (Vigo)**. 3 accións formativas. 18 participantes. Servizo solidario coa Asociación Faraxa, EAPN-Galicia, e a Asociación Celiaquía Galicia.

• ITINERARIO PERSONALIZADO DE INSERCIÓN SOCIOLABORAL

(6-12 meses) 3 itinerarios, sen participación en capacitación técnica.

- 58 persoas beneficiarias (53 homes e 5 mulleres)
- 51 altas
- 1 acción formativa
- 50 insercións laborais
- 2 convenios con empresas
- 2 convenios con entidades sociais



PUNTO FORMATIVO INCORPORA

A misión do Punto Formativo Incorpora (PFI) é acadar a mellora da empregabilidade das persoas que se atopan en risco ou situación de exclusión social, de forma tal que poidan incorporarse ou retornar ao mercado laboral.

O colectivo diana son as persoas vulnerables con máis dificultades de acceso ao emprego, coas que traballamos as distintas entidades do Grupo Incorpora Galicia. Os obxectivos fundamentais oríentanse a empoderar á persoa e desenvolver as súas competencias básicas e transversais, como elemento diferencial para a mellora da empregabilidade, así como as competencias técnicas mediante formación adaptada á demanda empresarial e que inclúe prácticas non laborais en empresas.

Cursos: Axudante de Catering, Limpador/a de cristais e superficies de inmobles e Axudante de Panadería.

- 3 accións formativas
- 900 horas de formación (240 hs de prácticas en empresa)
- 64 alumnos/as (37 homes e 27 mulleres)
- 22 de altas
- 57 diplomas obtidos
- 26 convenios con empresas
- 37 insercións laborais



PUNTO AUTOEMPREGO INCORPORA

En 2016 a Fundación Érguete-Integración constitúese no único Punto de Autoemprego Incorpora (PAI) do grupo Incorpora Galicia.

O obxectivo do programa é ofrecer titorización e acompañamento a posibles autónomos/as e traballadores/as por conta propia, ademais de darlles apoio antes, durante e despois do inicio da actividade económica/empresarial e facilitarlles o acceso a microcréditos mediante un acordo con Microbank. A finalidade é conseguir a inserción laboral mediante o autoemprego aumentando as posibilidades de saír da situación de risco.

Actividades:

- Xornada Novas Oportunidades Laborais: Autoemprego. 43 asistentes (19 homes e 24 mulleres)
- Módulo de presentación do PAI en Puntos Formativos xestionados por outras entidades Incorpora: 2
- Módulo de Sensibilización para o autoemprego en todas as accións formativas da entidade:
 - Nº de módulos de sensibilización: 5
 - Nº de alumnos: 73
- 64 usuarios/as (38 homes e 26 mulleres)
- 12 empresas creadas
- Aprobados 6 Microcréditos Sociais de Caixabank por valor de 84.000 euros

2. ITINERE

Seguimento e atención de persoas en tratamento unha vez excarceradas, no ámbito da incorporación social de trastornos aditivos. A metodoloxía de traballo baséase no deseño e supervisión de Itinerarios Personalizados de Inserción (IPI).

Desenvólvese nos centros penitenciarios de Teixeiro (Curtis, A Coruña) A Lama (Pontevedra) e Pereiro de Aguiar (Ourense) e nos Centros de Inserción Social "Carmen Avendaño Otero" de Vigo e "Carmela Arias y Díaz de Rábago" da Coruña.

Promove: Xunta de Galicia, Consellería de Sanidade.

Actividades:

- **CURSO COMPETENCIAS CLAVE (C.P. A Lama):** Formación académica con persoas privadas de liberdade, para a proba oficial de certificación das competencias clave nivel II.

- **PROXECTO SOFIA:** Formación dos internos/as nas competencias necesarias para o acceso a outros niveis formativos.
- **PROXECTO NOVOS:** (C.P. A Lama): formación prelaboral para menores de 30 anos privados de liberdade. Curso de Axudante de almacén, con carné de carretillero.
- **INTERVENCIÓN EN UNIDADE TERAPÉUTICA E EDUCATIVA:** (C.P. Teixeiro): formación para a busca de emprego e incorporación social de pacientes en tratamento nesta unidade.
- **SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL EN MEDIO PECHADO:** (CP. A Lama – CP. Teixeiro) **EMEDIO ABERTO** (CIS de A Coruña e Vigo): deseño de itinerarios personalizados de inserción, información, asesoramento e acompañamento.

- 387 beneficiarios/as (310 homes e 77 mulleres)
- 287 altas
- 8 accións formativas
- 755 horas de formación
- 98 alumnos/as
- 89 diplomas obtidos
- 20 insercións laborais
- 1.739 seguimentos itinerarios inserción
- 61 demandas axuda xurídica

Desenvólvese tamén as seguintes actividades: Proxecto Abeiro, Curso de Operadora de Telemarketing e Servizo de Orientación Laboral en Medio Penitenciario (A Coruña)

PROXECTO ABEIRO

Formación ocupacional en "Auxiliar de Psiquiatría" para persoas privadas de liberdade, co fin de converterse en internos/as de apoio e obter unha titulación homologada nos centros penitenciarios de A Lama, Teixeiro y Pereiro de Aguiar.

Promoven: Fundación Barrié y Fundación Roviralta.

- 30 beneficiarios/as (28 homes e 7 mulleres)
- 3 accións formativas
- 1.020 horas de formación
- 28 diplomas obtidos
- 20 internos/as con funcións de internos/as de apoio ao finalizar o proxecto
- 8 internos/as de apoio en reserva (bolsa)

CURSO DE OPERADORA DE TELEMARKETING

Formación ocupacional co fin de favorecer a formación integral das mulleres privadas de liberdade no Centro Penitenciario de A Lama, para a súa incorporación sociolaboral no momento da excarceración.

Promove: Deputación Provincial de Pontevedra

- 10 beneficiarias
- 60 horas de formación
- 9 diplomas obtidos



SERVIZO DE ORIENTACION LABORAL EN MEDIO PENITENCIARIO

Dirixido a facilitar a formación integral dos/as internos/as e mellorar a súa cualificación profesional, competencias profesionais e persoais cara a súa inserción social e laboral no momento da excarceración, facilitando a súa integración na sociedade.

Desenvolveuse no C.P. Teixeira e C.I.S. da Coruña

Promove: Deputación Provincial da Coruña

Actividades:

- Talleres de alfabetización dixital, habilidades sociais e busca activa de emprego
- Itinerarios de Personalizados de Inclusión Sociolaboral

3. INCORPORACIÓN SOCIOLABORAL DE MULLERES EN CONTEXTO PENITENCIARIO

Comprende actividades que xorden das necesidades da poboación feminina reclusa, de cara á súa incorporación ao mercado de traballo ao finalizar a condena, e a mellorar as súas condicións mentres dura esta.

Desenvolveuse en medio pechado (centros penitenciarios da Lama, Teixeira e Pereiro de Aguiar) e aberto (Centros de Inserción Social de Vigo e A Coruña).

Promoven: Xunta de Galicia, Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Secretaría Xeral da Igualdade; e Unión Europea PO Fondo Social Europeo Galicia 2014-2020.

Actividades:

- Itinerarios personalizados de incorporación sociolaboral.
- Talleres de habilidades persoais, básicas e da saúde.
- Formación ocupacional: Curso de Costura no C.P. Pereiro de Aguiar.
- Información e/ou derivación a recursos de atención, orientación e asesoramento persoal e social.
- Apoio directo nas relacións con outras entidades, organismos e servizos que faciliten ás mulleres reclusas o seu proceso de integración social.
- Acompañamento na busca de emprego, incluído o emprego por conta propia e o emprendemento.
- Prospección do mercado de traballo, intermediación e titorización laboral e profesional

- 53 beneficiarias
- 53 itinerarios personalizados de incorporación
- 5 insercións laborais



4. INCLUSIÓN SOCIAL

Este programa orientase a fomentar a inclusión e o acceso e permanencia no mercado de traballo de persoas en situación ou risco de exclusión social, mediante a atención desenvolvida con Itinerarios Personalizados de Inclusión Sociolaboral, así como coa adquisición e mellora de competencias sociais e profesionais, proporcionadas por formación básica e de tipo laboral, adaptada ás necesidades específicas destes colectivos.

Actividades:

- Itinerarios de Personalizados de Inclusión Sociolaboral
- Formación laboral: Limpeza de cristais e uso de maquinaria industrial e Peón de Xardinaría.

Promove: Xunta de Galicia, Consellería de Política Social, Dirección Xeral de Inclusión Social e Fondo Social Europeo

- 74 beneficiarios/as (34 homes e 40 mulleres)
- 18 altas
- 54 itinerarios
- 310 horas de formación
- 27 alumnos/as (15 homes e 12 mulleres)
- 27 diplomas obtidos
- 10 convenios con empresas
- 25 insercións laborais

5. SISIFO

Programa de Intervención Precoz con Drogodependentes en Situación de Emerxencia Social coa finalidade de mellorar a accesibilidade da poboación drogodependente á rede asistencial.

• SUBPROGRAMA DE CAPTACIÓN ACTIVA E INTERVENCIÓN EN MEDIO ABERTO (Outrech).

Desprazamento a zonas de consumo de drogas en Vigo e poboado do Vao (Poio, Pontevedra).

• SUBPROGRAMA DE CENTRO DE ENCONTRO E ACOLLIDA. CALOR-CAFÉ na Coruña e Vigo.

• SUBPROGRAMA DE REDUCCIÓN DE RISCOS E DIMINUCCIÓN DE DANOS.

Programa de intercambio de xiringas e dispensa de profilácticos. Orientación, acompañamento, derivación, apoio psicolóxico e seguimento. Realización da proba rápida de VIH en fluído oral.

• SUBPROGRAMA DE INFORMACIÓN-FORMACIÓN.

Actividades formativas relacionadas con VIH/SIDA, hepatitis, sexo seguro, drogas, redución de danos, saúde, etc.

Promove: Xunta de Galicia. Consellería de Sanidade

- 816 beneficiarios/as (680 homes e 136 mulleres)
- 197 altas
- 24.508 intervencións con usuarios/as
- 66.601 produtos de alimentación básica entregados
- 24.106 produtos de hixiene entregado
- 2.745 xiringas recollidas
- 362 derivacións e acompañamentos a outros recursos
- 10 accións formativas
- 108 horas de formación
- 89 alumnos/as
- 76 diplomas obtidos
- 3 convenios con outras entidades/institucións

Desenvólvense tamén as seguintes actividades: Proxecto Alén, Programa de axuda de primeira necesidade, Nadal solidario.

PROXECTO ALÉN

Actividades deseñadas individual ou grupalmente co propósito de favorecer a inserción social das persoas sen fogar, dotándoas daquelas ferramentas de autocontrol necesarias para manter os seus consumos a niveis compatibles con patróns de vida o máis normalizados posibles, e facilitando o seu desenvolvemento na sociedade mediante o coñecemento dos requirimentos legais das situacións que lles afectan.

Actividades:

- Prevención – redución do dano
- Formación xurídica

Promove: Concello de Vigo

PROGRAMA DE AXUDA DE PRIMEIRA NECESIDADE

Accións encamiñadas a atender as necesidades básicas de alimentación e hixiene de usuarios/as da entidade en situación de emerxencia social, ofrecendo acompañamento social e orientación laboral.

Desenvolveuse en Vigo (sede da entidade e unidade móbil) e Poio (poboado do Vao, unidade móbil)

Promove: Deputación Provincial de Pontevedra

Actividades:



NADAL SOLIDARIO

Igual que en anos anteriores, o Programa Sísifo organizou o reparto dunha comida especial a persoas sen teito, usuarias dos seus servizos, coa colaboración de Voluntarios/as de "la Caixa" os días 24 e 31 de decembro, nas cidades de Vigo e A Coruña.

Promove: Caixabank, S.A.

- 210 racións entregadas

6. ACCIÓNS DE SAÚDE PÚBLICA NO CAMPO DO VIH/SIDA

Realización de distintas accións formativas e informativas destinadas a diminuír a transmisión de infección, e a reinfección, por VIH, VHB e VHC, facilitar o acceso da poboación en xeral á información sobre o VIH/SIDA e o achegamento os servizos sanitarios, incrementar a percepción de risco de contaxio de ITS (Infeccións de Transmisión Sexual), e reducir o estigma asociado cara ao VIH e outras ITS.

Desenvolvéronse nas provincias da Coruña, Pontevedra e Ourense.

Promove: Xunta de Galicia, Consellería de Sanidade.

Actividades:

- Charlas informativas no eido da prostitución / HSH / LGBTI
- Campañas de concienciación con colectivos LGBTI
- Accións formativas VIH/SIDA
- Campañas informativas "Entérate"
- Campañas informativas do VIH/SIDA (de rúa)
- Realización proba rápida en fluido oral de VIH

- 5 accións formativas impartidas
- 29 persoas participantes en accións formativas
- 9 accións informativas
- 954 persoas informadas
- 99 probas rápidas realizadas (50 homes e 49 mulleres)



7. GRADUADO E.S.O.

Preparación para as probas libres oficiais de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria, nas convocatorias de maio e setembro.

Este ano tamén animamos ao alumnado para presentarse ás probas de obtención de certificado de competencias clave, que lles permiten acceder aos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3.

- 36 alumnos/as (9 homes e 27 mulleres)
- 23 altas
- 27 alumnos/as presentados/as
- 6 títulos Graduado E.S.O.
- 6 cun ámbito aprobado
- 8 con dous ámbitos aprobados
- 25 alumnos/as presentados/as proba Competencias Clave N2
- 9 alumnos/as que obtiveron certificado de competencias N2

8. ATENCIÓN Á CIDADANÍA

Convenio de colaboración no marco do Plan Municipal de Emprego para a atención á cidadanía mediante Coidadores/as de Barrio e o desenvolvemento de actividades de interese social.

Promove: *Concello de Vigo*

- 45 traballadores/as (14 homes e 31 mulleres)
- 3 altas
- 4 accións formativas
- 24 horas de formación
- 2 Insercións laborais



Servizos que se prestan: Coidadores/as de Barrio, Equipo de Apoio, Banco de Tempo e Redución do dano con drogodependentes en situación de emerxencia social.

COIDADOR@S DE BARRIO

Axudan a todas as persoas que poidan precisalo, colaborando co Concello de Vigo co propósito de mellorar a promoción interna e externa dos barrios de Vigo. A súa actividade lévase a cabo en 6 barrios: Casco Vello, Teis, Bouzas, Coia, Travesas e O Calvario.

O programa ten unha dobre finalidade:

- Por unha parte **prestar un servizo á cidadanía máis vulnerable e con maiores dificultades.**
- E por outra, **incorporar ao mercado laboral a persoas en situación ou risco de exclusión social** para que se convertan en axentes activos do propio proceso de empregabilidade.

- 278 beneficiarios/as (cidadanía) (58 homes e 220 mulleres)
- 2.647 recados
- 3.103 visitas
- 472 acompañamentos médicos
- 7.303 acompañamentos para saídas
- 1.169 acompañamentos con bolsas
- 187 acompañamentos sociais/derivacións
- 1.464 Informacións a veciños/as
- 370 Informacións a turistas



EQUIPO DE APOIO

En colaboración cos Coidadores/as de Barrio e o Servizo 010 de información do Concello, realizan tarefas de mellora e reparación (carpintería, pintura, electricidade e fontanería) dalgunhas infraestruturas municipais do Concello de Vigo.

BANCOS DO TEMPO

Iniciativa do Concello de Vigo, onde se intercambian bens, coñecementos e servizos. Desenvólvense nas catro Oficinas Municipais de Distrito (OMD): Coruxo, Saiáns, Casco Vello e Teis.

As 4 persoas que traballan como apoio nos Bancos do Tempo municipal contribuíron á realización e xestión das diferentes actividades.

REDUCCIÓN DO DANO CON DROGODEPENDENTES EN SITUACIÓN DE EMERXENCIA SOCIAL

Mediante unha unidade móbil no Casco Vello e noutras zonas de conflictividade na cidade de Vigo, colaboran na redución do dano con persoas drogodependentes en situación de emerxencia social, en apoio do Programa Sisifo.

9. CIBEREMPREGO

Facilitase o acceso a as novas tecnoloxías da información e comunicación aos colectivos especialmente desfavorecidos en risco ou situación de exclusión social nunha aula informática de forma gratuíta.

Actividades:

- Servizo de orientación e axuda para a busca activa de emprego a través de Internet, mediante a creación de contas de correo electrónico, elaboración de Curriculum Vitae, cartas de presentación e altas nos portais de emprego.
- Formación, a nivel de iniciación, no manexo do ordenador, programas de ofimática básicos e Internet.
- Impartir módulos transversais doutros Programas formativos da entidade, tanto de busca activa de emprego co uso das Novas Tecnoloxías, como módulos de sensibilización para o autoemprego.
- Colaboración cos demais programas da entidade e outros servizos sociais externos na recepción de usuarios/as.

- 485 beneficiarios/as (285 homes e 200 mulleres)
- 230 altas
- 8 accións formativas
- 200 horas de formación
- 91 alumnos/as
- 83 diplomas
- 3.367 visitas
- 14,45 Media diaria de usuarios/as
- 2.895 curriculum impreso
- 1.218 curriculum enviados a ofertas



10. SERVICIO DE ORIENTACIÓN LABORAL

Os servizos dos/as técnicas de emprego da entidade abarcan unha serie de actividades que van desde a orientación laboral, o acompañamento na busca de emprego, a titorización nos posibles procesos de cualificación e recualificación, a información sobre o mercado laboral, a formación e información sobre o manexo das ferramentas de busca de emprego, etc.

AXENTE DE EMPREGO

Actividades realizadas:

A) SERVICIOS ÁS EMPRESAS

- Bolsa de traballo
- Información sobre a contratación
- Información sobre axudas e subvencións
- Atención personalizada aos empresarios/as

B) SERVICIOS ÁS PERSOAS DESEMPREGADAS

- Orientación laboral

C) PLANIFICACIÓN E COORDINACIÓN DOS PROGRAMAS E SERVICIOS DA ENTIDADE.

Promove: Xunta de Galicia. Consellería de Economía, Emprego e Industria.

11. E.I.L. CORMO INTEGRAL, S.L.U.

Empresa de inserción laboral que basa a súa actividade produtiva na prestación de servizos de xardinería, traballos forestais e medioambientais, tanto a particulares como á Administración Pública.

A súa finalidade é a inserción sociolaboral de persoas en situación ou risco de exclusión social, proporcionándolles unha ocupación que lles outorga competencias profesionais a través dun itinerario de inserción, facilitándolles así, o acceso ao mercado laboral convencional.

Actividades e servizos:

• Servizos de Xardinería:

- Deseño, obra e traballos de mantemento integral de parques e xardíns.
- Podas de mantemento, limpeza, rexeneración.
- Deseño, posta a punto e mantemento de instalacións de rego.

• Servizos forestais

- Traballos de roza, limpeza de fincas.
- Plantacións.
- Traballos de poda
- Traballos selvícolas

• Traballos medioambientais

- Restauración de ríos e ribeiras: revexetación
- Creación e mantemento de sendeiros

Financiación:

- Execución da propia actividade económica da empresa.
- Subvención da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, destinada ao fomento e ao sostemento das empresas de inserción laboral, coa finalidade de promover a inserción laboral das persoas en situación ou en risco de exclusión social.
- Convenio coa Autoridade Portuaria de Vigo.

- 26 traballadores/as (21 homes e 5 mulleres)
- 13 altas
- 14 traballadores/as en proceso de inserción
- 9 traballadores/as en proceso de inserción máis respecto ao ano 2015
- 62% de persoas en proceso de inserción respecto ao total da plantilla
- 2 accións formativas
- 18 traballadores/as que recibiron formación



Web: www.cormointegral.es


Facebook: [/cormointegral](https://www.facebook.com/cormointegral)




RE SUL TA DOS

BENEFICIARIOS/AS

2.468 persoas (1.708 homes e 760 mulleres) nos diferentes programas da Fundación, das que 1.100 foron altas.




Por outro lado, as persoas atendidas polo Servizo de Coidadores/as de Barrio foron 278 (220 mulleres e 58 homes):



INCORPORACION LABORAL

248 insercións rexistradas no mercado laboral ao longo do ano.



RECURSOS HUMANOS

Nº TRABALLADORES/AS FUNDACIÓN			TIPO DE CONTRATO			
HOMES	MULLERES	TOTAL	INDEFINIDO	TEMPORAL	XORNADA COMPLETA	TEMPO PARCIAL
21	60	81	5	76	17	64


Nº TRABALLADORES/AS EIL CORMO			TIPO DE CONTRATO			
HOMES	MULLERES	TOTAL	INDEFINIDO	TEMPORAL	XORNADA COMPLETA	TEMPO PARCIAL
19	7	26	2	24	22	4

Nº TRABALLADORES/AS TOTAL			TIPO DE CONTRATO			
HOMES	MULLERES	TOTAL	INDEFINIDO	TEMPORAL	XORNADA COMPLETA	TEMPO PARCIAL
40	67	107	7	100	39	68


SATISFACCIÓN USUARIOS/AS



AVALIACIÓN POR BLOQUES DOS CURSOS FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN 2016



AVALIACIÓN DOS PROGRAMAS DA FUNDACIÓN 2016



ACCIÓNS FORMATIVAS

- 4.040 HORAS DE FORMACIÓN
- 37 ACCIÓNS FORMATIVAS
- 297 HOMES E 158 MULLERES
- 381 DIPLOMAS




NOVOS CONVENIOS CON EMPRESAS

Co fin de realizar prácticas non laborais en empresas e facilitar a incorporación laboral das persoas atendidas, establécense convenios de colaboración con empresas e asociacións empresariais. En 2016 asináronse 40 convenios con empresas, a través dos programas Incorpora, Reincorpora, Punto Formativo Incorpora e Inclusión Social.

ALIANZAS

A Fundación Érguete-Integración participa activamente en:

- **RED PACTO MUNDIAL ESPAÑA** (Iniciativa internacional de Naciones Unidas)
- **UNAD** (Unión de Asociaciones y Entidades de Atención al Drogodependiente)
- **AESAP** (Asociación de Empresas de Servicios de Atención a la Persona)
- **INCORPORA y REINCORPORA** (Programas de Integración Laboral de colectivos en riesgo de exclusión social de Obra Social "la Caixa")
- **FENAD** (Federación galega de Asociacions de Axuda ao Drogodependente)
- **EAPN-GALICIA** (Rede Galega contra a Pobreza)
- **AEIGA** (Asociación de Empresas de Inserción de Galicia)
- **PLDA** (Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccions de Vigo)



RECOÑECIMENTOS

- Nome do Centro de Inserción Social de Vigo: "Carmen Avendaño Otero" (2006)
- Medalla Castelao (2007)
- Cruz de Prata da Orden Civil da Solidariedade Social (2010)
- Selo de compromiso para a Excelencia Europea +200 EFQM (2009)
- Selo de Excelencia Europea +300 EFQM (2011)
- Renovación Selo de Excelencia Europea +300 EFQM (2014 e 2016)

REXISTROS

- Clasificada de Interese social (1999) e fundación de interese galego (2000): 1999/25
- Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, Xunta de Galicia (RUEPSS) (2001): E-1455
- Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo (2001): 761-01
- Entidade de Acción Voluntaria de Galicia (2002): O-17
- Centro colaborador de formación ocupacional da Xunta de Galicia (2004): 36/01337
- Entidade Colaboradora do Plan de Galicia sobre Drogas (2005): SA 463D 2003/3
- Entidade Prestadora de Servizos Sociais (2006): VP-1455
- Inscripción no Rexistro Municipal de Asociacións (REMAC) da Coruña (2013): 309
- Entidade colaboradora no Proxecto de detección precoz de VIH a través das probas anónimas de detección rápida (2014)
- Adhesión como Aliado Dixital na categoría de Entidade colaboradora, Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia - Xunta de Galicia (2016): PR602A-2016-00000073-00

RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA

- Protocolo para a detección e tratamento na entidade de situación de violencia de xénero producidas dentro e fora dos lugares de traballo

CONTACTO

FUNDACIÓN ÉRGUETE INTEGRACIÓN (VIGO)

Av. Martínez Garrido, 21, interior
36205 VIGO

T. 986 253 176

F. 986 263 297

www.fundacionerguete.org

Email: funderguete@fundacionerguete.org

Facebook: [/funderguete](https://www.facebook.com/funderguete)

Twitter: [@FErgueteIntegr](https://twitter.com/FErgueteIntegr)



CUIDADOR@S DE BARRIO

CASCO VELLO T. 698 189 530

O CALVARIO T. 698 189 539

TEIS T. 698 180 532

BOUZAS T. 698 180 823

TRAVESAS T. 698 180 840

FUNDACIÓN ÉRGUETE INTEGRACIÓN (A CORUÑA)

Barrio de las Flores

R/Azahar, Bloque 48, Portal 10 baixo

15008 A CORUÑA

T. 881 896 801

F. 881 896 801



CONVENIOS SUSCRITOS CON ASOCIACIONES EMPRESARIAIS

- INSTAELECTRA. Asociación de Empresarios de Electricidad y Telecomunicaciones de Pontevedra.
- Asociación Empresarios A Pasaxe.
- Asociación Empresarios do Val Miñor.
- Asociación de Empresarios de Mos.
- Asociación de Empresarios de limpieza de edificios y locales de Pontevedra.
- Confederación de industrias textiles de Galicia. Cointega. Cluster textil-moda.
- FONCALOR. Asociación de Empresarios instaladores de fontanería. Saneamiento. Gases combustibles. Calefacción en general. Aire acondicionado. Electricidad y afines .
- ASEMA. Asociación Provincial de Empresarios da Madeira.
- UGACOTA. Union Cooperativas Traballo Asociado.
- Aproinppa. Asociación industrias panificación de la provincia de Pontevedra.
- ATRA. Asociación autónoma de talleres de reparación de automóviles de la provincia de Pontevedra.

CONVENIOS SUSCRITOS CON EMPRESAS

- Cormo Integral EIL.
- Informática viguesa S.L.
- Plan comunitario de Teis
- Gaélica solar S.L.
- F. Valfer, S.L.
- Grupo Moldes Supermercados.
- Contenur S.L.
- Grupo Leipazaja
- Pelomanía S.L.
- Maxelga 93 S.L.
- Anidrom S.L.
- Jj Fontans Duarte.
- Ruido en la cocina S.L.
- Hotel-Resturante Avion.
- El gran danubio azul.
- Norfood S.L.
- Hotel lino S.L.
- Snop estampación.
- Residencia geriátrica Alvi-Beade.
- Eulen coruña.
- Psa-Citröen hispania.
- Informática Baiona S.L.
- Limpintegra XXI.
- Construcciones Castro Figueiro.

OUTROS CONVENIOS

- Grupo Tragsa.
- Autoridad Portuaria De Vigo.
- Fundación Celta De Vigo.







**FUNDACIÓN
ERGUETE-INTEGRACIÓN**

Coa colaboración de:



www.fundacionerguete.org